

Eventos



Xunta de expertos inmobiliarios

A Asociación Profesional de Expertos Inmobiliarios (APEI) organizou recentemente unha charla para analizar diversas resolucións xudiciais en materia inmobiliaria de gran transcendencia social, como é o caso da cláusula suelo ou a nulidade das imposicións dos gastos de formalización de hipotecas. O acto tivo lugar en Santiago de Compostela e nel aborouse tamén a normativa aprobada o pasado xaneiro sobre o aluguer turístico en Galicia. A sesión contou coa asistencia do delegado territorial en Galicia da APEI, o lucense Javier López Jato, e do asesor xurídico en materia inmobiliaria, Jesús Manuel Pernas.



Festa no bar Tojo de Castro

O bar e restaurante Tojo, ubicado no polígono industrial de Castro de Ribeiras de Lea, organizou unha comida con motivo da celebración do Día do Pai. Foi unha celebración que, como non podía ser doutro xeito, tivo un marcado carácter familiar e na que tomaron parte un bo número de comensais. Ademais de disfrutar dunha comida especial como merecía tan destacada data, os asistentes tamén gozaron coa música e tralo xantar abriuse un animado baile que fixo que moitos saísen á pista para baixar o xantar. Foi unha festa tan entrañable coma divertida, que serviu para homenaxear a tódolos pais nese día que se lles dedica cada ano no mes de marzo. Foto de **José Ángel**.



Encontro anual de integrantes da familia Fernández de Duarría

Preto dunha trintena de integrantes da familia Fernández de Duarría celebraron a súa xuntanza anual, no transcurso dun xantar no restaurante Río Lea de Castro de Ribeiras de Lea.



Cita de amigos do fútbol sala

Un grupo de amigos, todos eles afeccionados ao deporte do fútbol sala, xuntáronse no restaurante Río Lea de Castro de Ribeiras de Lea para degustar uns butelos da Fonsagrada. A velada resultou moi agradable, gozando da boa mesa e mellor compañía.

Animada cea con baile no Picato

O restaurante O Picato acolleu a celebración dunha cea-baile, que estivo moi animada e na que os asistentes desfrutaron por igual da boa mesa e da música. Trala cea e a entretida conversa chegou o tempo de saír á pista para completar a velada.

